



Consellos para a cabalgata de reis

1. Respecta as zonas de seguraza delimitadas

2. Sempre é complicado obter unhas boas vistas do paso das carrozas, máis é importante lembrar que non se debe subir aos farois, varandas, muros, marquesiñas, valados, papeleiras ou outros elementos inestables que poidan ser perigosos, e sempre se debe permanecer tras os valados ou os elementos co que se acouta o percorrido.

3. Permanece a unha distancia segura das carrozas.

4. Nunca te sitúes diante das carrozas.

5. Cando se lanzan caramelos ou outros obxectos desde as carrozas, non recollas aqueles que se atoparen na calzada e non permitas que os menores o fagan, pois pode ser moi perigoso xa que moitas carrozas, aínda a paso lento, poderían causar un accidente.

6. Non invadas a calzada e permanece na zona establecida para o desfile

7. Sitúa as nenas e os nenos nunha zona segura e impide que entren en zonas demilitadas para o desfile.

8. As persoas adultas deben estar atentas e non perder de vista as menores que teñan ao seu cargo. Lembra situáreste con elas e eles sempre en lugares seguros ao paso do cortexo e non deixes que invadan zonas de perigo xunto ás carrozas.

9. É recomendable que as nenas e nenos leven anotado nunha pulseira, tarxeta ou na man o nome e un número de teléfono por se se perderen.

10. Explicalles ás nenas e nenos que facer en caso de que se perdan. Indicalles que se dirixan a algunha ou algún axente de Policía ou unha persoa Voluntaria de Protección Civil: están aí para a/o axudaren.



Compre, ademáis, ter en conta:

-Decide, antes do día, onde a vas ver.

-Acude con antelación e utiliza o transporte público.

-Procura escoller un lugar, a ser posible un pouco alto para poder ver.

-Ide ben abrigadas e abrigados e con roupa de auga por se chove.

-Ao rematar a cabalgata, abandona a zona de forma ordenada e sen empurróns.

-Hai que facer caso en todo momento das advertencias e das indicacións que nos transmitan os membros da organización, así como da Policía Local, dos Bombeiros e da Protección Civil.

-Ante calquera emerxencia lembra o número de emerxencias e chama ao 092 ou ao 112, sigue as indicacións dos servizos de emerxencia, colabora con eles e facilítalles o seu traballo.